



Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña

Vol. 27 (2023), pp. 150-159

ISSNe: 2530-6324 || ISSN: 1138-039X

DOI: <https://doi.org/10.17979/afdudc.2023.27.0.9777>

EXTRADICIÓN E CADEA PERPETUA. ANÁLISE DA SENTENZA DO TEDH SÁNCHEZ-SÁNCHEZ V. REINO UNIDO

EXTRADITION AND LIFE IMPRISONMENT. AN ANALYSIS OF THE ECHR DECISION IN THE CASE SANCHEZ-SANCHEZ V. THE UNITED KINGDOM

DAVID SOTO-DÍAZ

Prof. axudante doutor de Dereito procesual

Universidade da Coruña

<https://orcid.org/0000-0002-5078-4291>

Recibido: 15/06/2023

Aceptado: 21/11/2023

Resumen: Analízase a sentenza do TEDH no asunto Sánchez-Sánchez contra o Reino Unido, en que se produce un xiro da doutrina anterior do Tribunal, facilitando a extradición en casos en que a persoa solicitada pode ser condenada a cadea perpetua polas autoridades competentes do Estado solicitante.

Palabras clave: Extradición, cadea perpetua, Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, Prohibición da tortura e malos tratos, Liberación anticipada.

Abstract: This commentary analyses the ECtHR judgement in the case Sanchez-Sanchez v. The United Kingdom, where a change of the Court's case law, simplifying extradition where the requested person may be sentenced to life imprisonment without parole by the competent authorities of the requesting State.

Keywords: Extradition, life imprisonment, European Court of Human Rights, Prohibition of Torture and Ill-Treatment, early release.

Sumario: I. INTRODUCCIÓN. II. FEITOS. III. DOCTRINA RELEVANTE DO TEDH. 1. Doutrina sobre as cadeas perpetuas no contexto doméstico. 2. Doutrina sobre as cadeas perpetuas irredutíbeis no contexto da extradición. IV. A DECISIÓN DO TRIBUNAL. V. CONCLUSIONES. VI. XURISPRUDENCIA E BIBLIOGRAFÍA.

* * *

I. INTRODUCCIÓN

Nos procedementos de extradición é necesario realizar un balance equilibrado entre, por unha banda, o cumprimento das obrigas internacionais por parte do Estados e máis o interese social en perseguir delitos e, por outra banda, a orde pública, moi en particular no sentido da observancia dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas. No presente caso, o TEDH tivo a oportunidade de esclarecer a súa doutrina no atinxente aos requisitos que deben concorrer cando se solicita a extradición dunha persoa que, en caso de ser enviada ao Estado solicitante, pódese enfrontar a unha cadea perpetua.

A cuestión fundamental xira en torno a determinar se a doutrina do propio TEDH sobre a convencionalidade –isto é, o cumprimento da CEDH- dunha pena de cadea perpetua no ámbito doméstico –é dicir, esixíbel aos Estados parte do CEDH- é plenamente aplicábel aos casos de extradición en que o Estado solicitante non é parte do CEDH.

II. FEITOS

No caso abordado, as autoridades dos EUA solicitaran en 2018 a extradición dun cidadán mexicano que se achaba naquela altura no Reino Unido, co obxectivo de ser axuizado por varios delitos relativos ao tráfico de drogas cometidos no territorio dos EUA a principios de 2017. Os cargos aos que se enfrontaba a persoa solicitada podían, eventualmente, supoñer a cadea perpetua sen posibilidade de liberdade condicional.

Durante a fase xurisdiccional do procedemento de extradición, a defensa opúxose á entrega. Esta parte alegaba que, se á luz da doutrina reiterada do TEDH unha cadea perpetua irredutíbel implica unha vulneración do artigo 3 do CEDH¹, daquela a autorización dunha extradición por un Estado que sexa parte do CEDH, con coñecemento de que a persoa solicitada poderíase enfrontar a tal sanción penal no Estado requirente, equivalería tamén a unha vulneración do artigo 3 CEDH por parte do Estado requirido.

Para soste a súa pretensión, a defensa razoaba que a STEDH do caso *Trabelsi c. Bélxica*, emitida por unha sección do TEDH, impuña a obriga de que nos casos de extradición en que existise a posibilidade de que a persoa extraditada puidese ser condenada a cadea perpetua indefinida, era necesario esixir garantías de que o Estado solicitante establecería mecanismos procesuais efectivos de extinción anticipada da condena ou, no seu defecto, denegar a extradición. Esta polémica sentenza partía dunha interpretación sobre os requisitos que debe reunir a cadea perpetua para non vulnerar o artigo 3 CEDH. Se ben é salientábel o feito de que tales requisitos foran propostos con anterioridade polo TEDH para o contexto doméstico, non para a extradición.

Con todo, a pesar da oposición da defensa, a decisión na fase xurisdiccional doméstica do procedemento de extradición foi no sentido de autorizar a mesma. Tal decisión foi confirmada na fase gobernativa ou executiva por parte da *Secretary of State* do ramo –unha figura homóloga ao Ministro do Interior en España.

Posteriormente, a decisión gobernativa foi impugnada perante a *High Court* que confirmou a decisión de extradición, ao entender que a STEDH do caso *Trabelsi c. Bélxica* non era de aplicación, posto que implicaba un desvío inxustificado da doutrina previa do TEDH establecida no caso *Harkins e Edwards c. Reino Unido* pola Gran Sala. En síntese, a

¹ Segundo o cal “ninguén poderá ser sometido a tortura, nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes”.

sentenza deste último caso, reiteraba o test do TEDH para decidir se unha determinada extradición é conforme ao artigo 3 do CEDH: primeiro, que o encarceramento continuado cumpra algunha finalidade penolóxica e, segundo, que a condena sexa reducíbel, *de iure e de facto*.

Alén diso, o que non se establecía na STEDH do caso Harkins e Edwards c. Reino Unido é que fose necesario un determinado mecanismo de redución da condena. Isto implica que mecanismos máis discrecionais que o procedemento de outorgamento da liberdade condicional, ou incluso mecanismos de natureza distinta á xurisdiccional, como o indulto ou a excarceración por razóns humanitarias, serían suficientes para entender que unha cadea perpetua é reducíbel, a efectos de conceder a extradición.

Por tanto, o obxecto do proceso perante o TEDH no caso presente versa sobre se son plenamente aplicábeis os requisitos da cadea perpetua deseñados polo Tribunal para o caso da extradición a Estados requirentes que non son partes do CEDH.

III. DOUTRINA RELEVANTE DO TEDH

1. Doutrina sobre as cadeas perpetuas no contexto doméstico

A primeira vez que o TEDH se pronunciou sobre a compatibilidade das penas de cadea perpetua co artigo 3 do Convenio foi no asunto Kafkaris c. Chipre en 2008. Neste caso, o solicitante fora condenado por un triplo asasinato a cadea perpetua sen previsión de liberdade condicional. Para os representantes do goberno chipriota, a sentenza non era irredutíbel, xa que logo, subsistía a posibilidade de excarceración a causa dunha extinción anticipada da responsabilidade penal ordenada polo xefe do Estado, que tiña esa prerrogativa constitucional. Ademais, os datos indicaban que o exercicio desa prerrogativa non era estraño².

Na súa sentenza de 12 de febreiro de 2008, a Gran Sala lembrou o carácter absoluto que ten a prohibición de tortura e de malos tratos, mais tamén ditaminou que as cadeas perpetuas impostas contra condenados maiores de idade non son *per se* contrarias a tal prohibición. Con anterioridade a esta sentenza, algunha sección do TEDH limitárase a establecer que a pena debía ser proporcional ao delito cometido e non arbitraria, mais que non era función do Tribunal cualificar a extensión da pena fixada polas autoridades competentes dos Estados parte³.

Pero en Kafkaris c. Chipre, a Gran Sala estableceu que o relevante é que a pena de cadea perpetua poda verse reducida *de iure e de facto*⁴. Neste sentido, debe entenderse que unha pena será reducíbel *de iure* cando se establezan mecanismos xurídicos formais que permitan a redución da condena. E esta redución será posíbel *de facto* cando eses mecanismos sexan realmente exercitábeis, o que se pode probar se, a partir das estatísticas de aplicación, é evidente a súa efectividade. A estes efectos, que a redución da condena dependa da discreción dunha autoridade governativa é indiferente⁵.

² Vid. Sentenza (Gran Sala) no asunto Kafkaris v. Chipre (Demanda nº 21906/04), de 12/02/2008; pars. 86-94.

³ Vid. Decisión sobre admisibilidade da Demanda nº 63716/00, interposta por Anthony Sawoniuk contra o Reino Unido, de 29/05/2001; páx. 15.

⁴ Vid. Sentenza (Gran Sala) no asunto Kafkaris v. Chipre (Demanda nº 21906/04), de 12/02/2008; par. 98.

⁵ Ibid. par. 89.

En aplicación desta doutrina, o TEDH entende que se satisfaría o test de redutibilidade alí onde se estableza xuridicamente a posibilidade de revisar unha condena, con vistas á súa conmutación, remisión, terminación ou ao outorgamento da liberdade condicional. E elo con independencia das condicións máis ou menos esixentes que se podan establecer para acceder á revisión da condena, como un período mínimo de cumprimento ou cando se engadan condicións accesorias⁶. Non se trata, por tanto, dun test esixente, senón máis ben dun test moi flexíbel, proposto para permitir un amplo campo de acción aos Estados parte do CEDH á hora de deseñar a súa lexislación penal.

Cinco anos máis tarde, coa sentenza do asunto *Vinter e outros c. o Reino Unido*, a Gran Sala desenvolveu o test establecido en *Kafkaris*. Así, engadiu que, para alén da redutibilidade *de iure e de facto*, era preciso que a redutibilidade da condena estivese conectada coa rehabilitación –no sentido de «reinserción»- da persoa condenada⁷. Do que se trata, en suma, é de que exista un procedemento de revisión da condena a cadea perpetua en que unha autoridade, xa xudicial, xa executiva⁸, tome unha decisión sobre a liberación da persoa condenada valorando se tal persoa está rehabilitada ou non. Ademais, é preciso que a reclusión dunha persoa non deixe de estar lexitimada por razóns penolóxicas⁹. Entre tales razóns, pódense listar a retribución, a disuasión, a protección do público, pero especialmente a rehabilitación¹⁰, de forma tal que un recluso xa rehabilitado non debe permanecer en prisión.

Ademais, acrecentaba a Gran Sala en *Vinter e outros* que era necesario que a condena non fose esaxeradamente desproporcionada [no texto orixinal, «*grossly disproportionate*»]¹¹. É esta unha regra, por veces, difícil de avaliar nun caso concreto. Con todo, a Gran Sala razoa que se ben non é tarefa súa establecer cales deben ser as condicións do mecanismo de revisión da condena, si parece haber unha tendencia na lexislación penal comparada en que o procedemento para a excarceración teña lugar, cando menos nos primeiros 25 anos de encarceramento e que se permita, posteriormente, acceder a dita posibilidade periodicamente¹².

En canto ao termo en que se pode iniciar o procedemento de redución da condena e a liberación anticipada –por exemplo, no caso da liberdade condicional-, o certo é que a xurisprudencia do TEDH non é unánime. Así, se no ano 2011, en *Törköly c. Hungría* a sección segunda consideraba que un período de 40 anos non era desproporcionado, atendendo á gravidade dos crimes cometidos –delitos de asasinato, de maltrato habitual e de lesións-¹³, no asunto *Bodein c. Francia* de 2014, sostivo que unha revisión aos 30 anos de encarceramento efectivo –isto é, abonando o tempo da prisión provisional- semellaba

⁶ Tal parecería ser o caso, por tanto, do artigo 92 CP, que regula as condicións de suspensión da pena de prisión permanente revisábel en España.

⁷ Vid. Sentenza (Gran Sala) no asunto *Vinter e outros c. o Reino Unido* (Demandas nº 66069/09, 130/10 e 3896/10), de 09/07/2013; pars. 109-118.

⁸ *Ibid.*, par. 120.

⁹ *Ibid.*, par. 119.

¹⁰ Vid. Sentenza (Gran Sala) no caso *Murray c. Países Baixos* (Demanda nº 10511/10), de 26/04/2016; par. 100.

¹¹ Vid. Sentenza (Gran Sala) no asunto *Vinter e outros c. o Reino Unido* (Demandas nº 66069/09, 130/10 e 3896/10), de 09/07/2013, par. 102.

¹² *Ibid.*, par. 120.

¹³ Vid. Decisión sobre admisibilidade da Demanda nº 4413/06, interposta por Tybor Törköly contra Hungría, de 05/04/2011; páx. 4.

razoábel, á luz do establecido en Vinter e outros¹⁴. Porén, tan só dous anos máis tarde, en 2016, a sección cuarta no asunto T.P. e A.T. c. Hungría entendía que unha primeira revisión aos 40 anos, e sen descontar o tempo sometido a prisión provisional resultaba excesiva¹⁵.

Finalmente, cabe resaltar a sentenza do caso Murray c. Países Baixos, en que a Gran Sala desenvolveu as garantías necesarias no ámbito doméstico para asegurar a efectividade do mecanismo de revisión da condena. En particular, tales garantías consistirán en que no procedemento débese levar a cabo unha avaliación real da información relevante e deben darse as garantías procesuais necesarias durante todo o procedemento. Particularmente, debe motivarse a decisión, de forma que a persoa condenada debe poder coñecer que elementos son tomados en conta para decidir sobre a súa liberación anticipada e, en caso de denegación, baixo que condicións podería obtela no futuro. Finalmente, tamén sería necesario que a persoa afectada puidese impugnar en sé xudicial a decisión denegatoria da liberación anticipada¹⁶.

En síntese, a doutrina do TEDH sobre as cadeas perpetuas no contexto doméstico esixe as seguintes condicións para se consideraren axustadas ao CEDH:

- 1) É necesario que a condena non sexa esaxeradamente desproporcionada
- 2) A pena debe ser reducíbel *de iure*, no sentido de que deben regularse mecanismos xurídicos formais que permitan a liberación anticipada
- 3) A pena debe ser reducíbel *de facto*, no sentido de que o devandito mecanismo xurídico sexa efectivo
- 4) Este mecanismo e as súas condicións deben ser coñecidos pola persoa condenada dende o principio da condena
- 5) No procedemento de liberación anticipada debe realizarse unha avaliación real da información relevante
- 6) É preciso que a redutibilidade da condena estea vinculada á reinserción da persoa condenada
- 7) A decisión debe ser motivada; en particular, en caso de denegación é necesario explicar baixo que condicións se podería obter a liberación anticipada no futuro.
- 8) Debe permitirse a impugnación xudicial das resolucións denegatorias da liberación anticipada

2. Doutrina sobre as cadeas perpetuas irredutíbeis no contexto da extradición

Se ben é certo que nos casos de extradición adoita existir unha obriga internacional de os Estados cooperaren para a execución das solicitudes, existe unha doutrina xurisprudencial de longa data no TEDH segundo a cal, nos casos en que concorran serias razóns para crer que a persoa solicitada se poda ver sometida a situacións incompatíbeis co CEDH, daquela a extradición debe ser denegada ou quedar suxeita a restricións¹⁷. Así aconteceu no caso

¹⁴ Vid Sentenza (Sección quinta) no asunto Bodein c. Francia (Demanda nº 40014/10), de 14/11/2014; par. 61.

¹⁵ Vid. Sentenza (Sección cuarta) no asunto T.P. e A.T. c. Hungría (Demandas nº 37871/14 e 73986/14), de 04/10/2016; par. 45.

¹⁶ Vid. Sentenza (Gran Sala) no caso Murray c. Países Baixos (Demanda nº 10511/10), de 26/04/2016; par. 100.

¹⁷ A propia lexislación doméstica sobre extradición adoita incluír condicións deste tipo, por exemplo, o artigo 4º. 6º da Lei de Extradición pasiva establece que «non se concederá a extradición [...] cando o Estado requirinte non dera a garantía de que a persoa reclamada de extradición non será executada ou que non será sometida a penas que atenten contra a súa integridade corporal ou a tratos inhumanos ou degradantes».

Soering v. Reino Unido, en que o TEDH ditaminou que o feito de que o Estado solicitante puidese condenar a morte á persoa extraditada implicaría a denegación da extradición por vulnerar o artigo 3 CEDH¹⁸.

O problema que se suscita, logo, é se a doutrina do TEDH sobre a redutibilidade das cadeas perpetuas debe ser aplicada de forma escrupulosa nos casos de extradición en que os Estados requiridos sexan parte do CEDH. Se se entende que esta doutrina debe ser aplicada nos casos de extradición, os Estados partes que sexan requiridos terían que verificar se o ordenamento xurídico do Estado solicitante cumpre con todas as condicións establecidas polo TEDH para considerar conforme a Dereito unha condena a cadea perpetua.

Esta foi a tese compartida pola Sección Quinta do TEDH no asunto *Trabelsi c. Bélxica*, resolto en 2014¹⁹. Alí, decidíase sobre a extradición aos EUA dun cidadán tunesino acusado de delitos de terrorismo. E, nese caso, o TEDH estableceu que os delitos polos que se acusa á persoa solicitada resultan indiferentes aos efectos de determinar a legalidade da extradición²⁰; é dicir, que a gravidade dos delitos polos que se acusa a alguén non diminúen o nivel de protección establecido polo artigo 3 CEDH. De forma que se impuña unha obriga sobre os Estados solicitantes de “avaliar inevitablemente a situación do país solicitante en termos do requisito do artigo 3” antes de autorizar a extradición²¹. Ademais, tal avaliación deberíase levar a cabo á luz da doutrina establecida no asunto *Vinter e outros*²².

Ora ben, en 2022 a Gran Sala viu a modificar este criterio na sentenza estudada neste comentario. Con todo, tamén confirma algunhas das teses afirmadas en *Trabelsi*, nomeadamente: que o artigo 3 CEDH establece unha prohibición absoluta de torturas ou maos tratos; que as extradicións deben analizarse á luz desa prohibición absoluta; que, polo tanto, antes de autorizar a extradición, os Estados parte do CEDH deben examinar as previsíbeis consecuencias de enviar á persoa solicitada ao Estado requirinte e para elo debe analizar a situación nese Estado e, finalmente, que a gravidade dos delitos polos que se acusa a unha persoa non diminúen o nivel de protección do artigo 3 CEDH²³.

A partir de aquí, a doutrina de *Sánchez-Sánchez* sepárase da de *Trabelsi*. As razóns para esta partida son, en primeiro lugar, a indesexada impunidade que se tiraría como consecuencia de aplicar restritivamente o test xurisprudencial do TEDH sobre a

¹⁸ É interesante o motivo da denegación: unha posíbel violación do artigo 3 CEDH, que protexe contra a tortura e os tratos inhumanos ou degradantes. Así, neste caso o TEDH non abordou o asunto dende a perspectiva da prohibición da pena de morte en determinados casos, se ben dende marzo de 1985, entrara en vigor o protocolo número 6 do Convenio, que prohibía a devandita pena. En síntese, o TEDH entendeu que, xa que ese protocolo permitía a pena de morte en determinados casos –delitos cometido en Estado de guerra ou cando houber ameaza de guerra-, a posíbel imposición dunha pena deste tipo polas autoridades competentes do Estado solicitante, non debería *per se* impedir a extradición. Con todo, o TEDH motivou a súa decisión no feito de que as condicións de custodia dunha persoa condenada a pena de morte no Estado solicitante (a Mancomunidade de Virxinia, EUA) poderían con moi alta probabilidade ocasionar a coñecida como “síndrome do corredor da morte”, que implicaría un sufrimento psicolóxico de tal gravidade como para poder ser subsumido na categoría de tortura ou tratos inhumanos e degradantes. Vid. Sentenza (Pleno) no caso *Soering c. Reino Unido* (Demanda nº 14038/88) de 07/07/1989; parágrafos 88 e 111.

¹⁹ Vid. Sentenza (Sección Quinta) no asunto *Trabelsi c. Bélxica* (Demanda nº 140/10) de 04/09/2014; par. 118.

²⁰ *Ibid.*, par. 116.

²¹ *Ibid.*, par. 117.

²² *Ibid.*, par. 113.

²³ Vid. Sentenza (Gran Sala) no asunto *Sánchez-Sánchez c. Reino Unido* (Demanda nº 22854/20) de 03/11/2022; parágrafos 83-86.

convencionalidade da cadea perpetua aos casos de extradición e, en segundo lugar, a excesiva dificultade que terían os Estados requiridos para indagar o grao de cumprimento dos Estados solicitantes coas garantías procesuais establecidas na súa lexislación²⁴. En canto á primeira das razóns, o TEDH resalta que, en caso de declarar unha violación do artigo 3 CEDH, a consecuencia sería que unha persoa, contra a cal se formulou unha acusación grave, non sería sometida a xuízo, agás que sexa acusada polas autoridades do Estado requirido²⁵. Polo que fai á segunda das razóns, o TEDH entende que sería excesivo esixir que os Estados parte do CEDH verificasen detalladamente o grao de cumprimento coas obrigas procesuais establecidas en *Vinter e outros* polos Estados solicitantes que non sexan parte do Convenio antes de autorizaren a extradición²⁶.

Así, o TEDH ten fundamentos suficientes para establecer un criterio novo, que permita, ao seu xuízo, permitir aos Estados o cumprimento debido das súas obrigas internacionais en materia de extradición e que, á vez, impidan a extradición nos casos en que a vulneración do artigo 3 CEDH sexa máis patente. Para elo, o TEDH entende que o test xurisprudencial aplicábel aos casos de cadea perpetua irredutíbel no ámbito doméstico (*vid supra*) comprende obrigas substantivas e procesuais e que só as primeiras deben ser verificadas no momento de se producir a extradición²⁷.

A obriga substantiva, ou material, consiste na «exposición a un individuo a un risco real de tratamento degradante e inhumano ou a un castigo que sería contrario ao espírito e propósito do artigo 3 CEDH»²⁸. Así, tanto en casos domésticos como de extradición, os Estados parte do CEDH deberán valorar se a pena a impoñer implicaría malos tratos, entre os que se debe incluír a irredutibilidade *de facto* ou *de iure* da sentenza.

Pola súa banda, o TEDH elude definir en que consiste a obriga procesual, se ben pode entenderse do contexto do caso que se refire á natureza, requisitos e efectividade dos mecanismos de liberación anticipada. Neste sentido, o que o TEDH ven a afirmar é que resulta indiferente se se trata de mecanismos gubernativos, administrativos ou xudiciais, se se trata de decisións máis ou menos discrecionais ou se a súa aplicación é xeralizada ou excepcional. No caso español, o artigo 92 CP regula a suspensión de condena nos casos de prisión permanente revisábel, e faino regulando un mecanismo tutelado xudicialmente, regrado e con obriga de celebrar audiencia no que a persoa interesada debe comparecer asesorada por avogada ou avogado. Con todo, noutros ordenamentos, como o federal dos EUA –o abordado na sentenza estudada–, os mecanismos de liberación anticipada son gubernativos –clemencia executiva e liberación por compaixón–; algo similar acontece, por exemplo, no caso de Tailandia –obxecto duna análise recente por parte do TC²⁹–, onde o mecanismo de liberación anticipada consiste no perdón outorgado arbitrariamente polo xefe do Estado.

Finalmente, presenta especial interese a distribución da carga da proba que establece o TEDH para esta clase de litixios en que é preciso decidir sobre a convencionalidade da extradición. Concretamente, o TEDH estipula que, *en principio*, corresponde á parte

²⁴ Ibid., par. 93.

²⁵ Ibid., par. 94.

²⁶ Ibid., par. 93.

²⁷ Ibid.

²⁸ Ibid.

²⁹ Vid. STC 104/2019 (Sección segunda), de 14/10/2019.

demandante aducir proba suficiente para demostrar que existen razóns substanciais para crer que, se a extradición se levase a cabo, existiría un risco real de que o propio demandante vaia ser sometido a tratos contrarios ao artigo 3 CEDH; mentres que, de terse por probado tal extremo, correspondería ao goberno do Estado demandado aclarar calquera dúbida en canto á posibilidade de vulneración do devandito artigo³⁰.

Se ben pode parecer que esta distribución é razoábel, por seguir o principio xeral que rexe neste eido –a parte actora ten a carga de probar os feitos constitutivos e, se estes resultan probados, a parte demandada deberá probar os feitos extintivos, impeditivos ou excluíntes-, débese descartar tal posibilidade. Téñase en conta que a inversión da carga da proba é un mecanismo de garantía da tutela xudicial efectiva das partes máis febles. Por exemplo, unha cantidade importante de normativa europea establece a inversión da carga da proba en casos en que o que se denuncie sexa unha vulneración do principio de igualdade. Outro tanto acontece cando o obxecto do proceso é un caso de competencia desleal ou de publicidade ilícita. A propia LEC española prevé no seu artigo 217.7 que, no relativo ao establecemento da carga da proba, «o tribunal deberá ter presente a dispoñibilidade e facilidade probatoria que corresponde a cada unha das partes do litixio». Por estas razóns, de xustiza material, pero tamén de favorecer a tutela xudicial efectiva, tería sido máis atinado que a carga de probar o cumprimento do ordenamento do Estado solicitante cos requisitos convencionais correspondese non á parte demandante, senón ao Estado demandado, que ten unha maior facilidade probatoria neste ámbito. En calquera caso, que a redacción da STEDH inclúa a expresión «en principio», debe entenderse como que permite a inversión da carga da proba neste eido, en atención á maior dispoñibilidade de medios de proba con que poda contar a parte demandada.

En resumo, o criterio establecido na STEDH Sánchez-Sánchez, en relación á convencionalidade das extradicións de persoas acusadas de delitos que conlevan a cadea perpetua é o seguinte:

1. Prohíbese a extradición en casos en que coa súa execución exista un risco de someter á persoa extraditada a penas ou tratos inhumanos ou degradantes. E debe entenderse que a inexistencia *de iure* e *de facto* dun mecanismo de liberación anticipada en casos de cadea perpetua implicaría automaticamente o sometemento a unha pena inhumana.
2. É indiferente a natureza, garantías procesuais e efectividade do devandito mecanismo.
3. A carga de probar o risco de vulneración do artigo 3 en caso de extradición corresponde á parte actora, e se esta o logra, trasládase á parte demandada probar que tal risco é inexistente.

IV. A DECISIÓN DO TEDH

No caso presente, a Gran Sala do TEDH aclara a súa doutrina en materia de extradición en casos en que as persoas requiridas sexan acusadas de delitos que podan conlevar a cadea perpetua. Ademais, o TEDH deixa sen efecto a tese establecida pola sección quinta no asunto

³⁰ Vid. Sentenza (Gran Sala) no asunto Sánchez-Sánchez c. Reino Unido (Demanda nº 22854/20) de 03/11/2022; par. 87.

Trabelsi c. Bélxica en 2014. Finalmente, falla a favor do Estado demandado, o Reino Unido, declarando que no asunto examinado a extradición é acorde co CEDH.

V. CONCLUSIÓNS

Na sentenza analizada, o TEDH opta por eliminar obstáculos para que os Estados podan cumprir coas súas obrigas internacionais. Nun escenario de incremento da mobilidade e a criminalidade internacionais, a eliminación de tales obstáculos pode implicar unha maior efectividade dos gobernos á hora de negociar a extradición recíproca de nacionais seus. Neste sentido, a mudanza introducida polo TEDH pode ser unha valiosa aportación dende un punto de vista realista das relacións internacionais.

Con todo, tamén é claro que esa maior flexibilidade que se outorga aos gobernos dos Estados parte do CEDH faise a cambio de limitar as garantías xurídicas das persoas solicitadas. Nun contexto en que o populismo punitivo é un elemento chave das políticas criminais, este sacrificio pode antollarse insignificante. Mais quen escribe estas liñas, considera que non o é. A aplicación efectiva do ordenamento xurídico non debe verse limitada en situacións, como a extradición, en que entran en xogo as obrigas internacionais dos Estados. Porque cando tal limitación se permite, os cimentos do Estado de Dereito vense postos en cuestión.

Por tanto, non se comparte a eliminación do requisito de que os Estados solicitantes deban dar garantías efectivas de que, en caso de condenas a cadea perpetua, as persoas extraditadas terán a posibilidade de acollerse a un mecanismo efectivo, non arbitrario e, acrecéntase, tutelado xudicialmente. Tampouco semella razoábel que nos litixios que se susciten con este obxecto procesual, a carga da proba dos feitos constitutivos recaia na persoa cuxa extradición se solicita, que terá unha facilidade probatoria moito menor que a do Estado requirido. En definitiva, trátase dunha involución contra a cal aínda se garda a esperanza de reversión no futuro.

VI. JURISPRUDENCIA E BIBLIOGRAFÍA

Resolucións do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos

- Decisión sobre admisibilidade da Demanda nº 63716/00, interposta por Anthony Sawoniuk contra o Reino Unido, de 29/05/2001.
- Decisión sobre admisibilidade da Demanda nº 4413/06, interposta por Tybor Törköly contra Hungría, de 05/04/2011.
- Sentenza (Pleno) no caso Soering c. Reino Unido (Demanda nº 14038/88) de 07/07/1989.
- Sentenza (Gran Sala) no asunto Kafkaris v. Chipre (Demanda nº 21906/04), de 12/02/2008.
- Sentenza (Gran Sala) no asunto Vinter e outros c. o Reino Unido (Demandas nº 66069/09, 130/10 e 3896/10), de 09/07/2013.
- Sentenza (Sección quinta) no asunto Bodein c. Francia (Demanda nº 40014/10), de 14/11/2014.
- Sentenza (Gran Sala) no caso Murray c. Países Baixos (Demanda nº 10511/10), de 26/04/2016.

- Sentenza (Sección cuarta) no asunto T.P. e A.T. c. Hungría (Demandas nº 37871/14 e 73986/14), de 04/10/2016.
- Sentenza (Gran Sala) no asunto Sánchez-Sánchez c. Reino Unido (Demanda nº 22854/20) de 03/11/2022.

Sentenzas do Tribunal Constitucional español

- STC 104/2019 (Sección segunda), de 14/10/2019.

Lexislación española

- Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal; «BOE» núm. 281, de 24/11/1995.
- Lei 4/1985, de 21 de marzo, de Extradición Pasiva; «BOE» núm. 73, de 26/03/1985.

Tratados internacionais

- Convenio para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais, feito en Roma o 4 de novembro de 1950.